

Resumo da elaboración
II PLAN DE IGUALDADE do
Concello de Pazos de Borbén
(2022-2025)



Asunto:

Exposición pública do resumo da elaboración do II Plan de Igualdade do concello de Pazos de Borbén.

O Concello de Pazos de Borbén está elaborando o **II Plan de igualdade (2022-2025)**. Como requisito imprescindible para tal fin, elaborouse unha diagnose da situación actual da igualdade no Concello a partir da información achegada polo seu persoal. Partindo deste análise propuxéronse uns obxectivos e actuacións que formaran parte do II Plan de Igualdade.

Antes de proceder a elaboración definitiva, e aprobación polo Pleno Municipal, queremos recoller e ampliar o maior número de achegas posibles para facer participe a toda a cidadanía.

Por conseguinte, invitámoslle a que visualice o resumo da elaboración do II Plan e formule as achegas e suxestións que considere necesarias para a mellora da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no seu Concello.

As achegas poderanse presentar a través do email: ssocial@pazosdeborben.org ou no rexistro do concello de Pazos de Borbén. **O prazo final de recepción remata o venres 10 de decembro ás 14:00 h.**

Índice

1. Introducción	2
2. Metodoloxía	2
3. Principais conclusións da diagnose de xénero	4
4. Áreas de intervención, obxectivos e actuación propostas	5
5. Seguimento e avaliación	14

1. Introducción

O II Plan para a Igualdade de Mulleres e Homes do municipio de Pazos de Borbén (2022-2025) é un reflexo da vontade expresa do Concello por continuar loitando contra todo tipo de discriminacións que seguen a perpetuar relacións de desigualdade entre as persoas por razón de xénero.

O seu obxectivo primordial é traballar na implementación da estratexia de mainstreaming de xénero co fin de que a igualdade de oportunidades sexa realidade en todas as políticas e accións realizadas a nivel municipal.

Este II Plan vai permitir durante os próximos catro anos desenvolver políticas de acción positiva en todos os ámbitos, e pretende ser unha ferramenta práctica, concibido e feito á medida das necesidades de mulleres e homes do municipio, e a través do desenvolvemento das súas diferentes actuacións conseguirase camiñar cara unha igualdade real e efectiva.

2. Metodoloxía

A elaboración do II Plan de igualdade levouse a cabo coa colaboración do persoal técnico das diferentes áreas municipais e especialmente co persoal de servizos sociais que foi quen asumiu as labores de coordinación.

Nun primeiro momento, procedeuse á recollida e á análise da normativa existente en materia de igualdade de oportunidades no ámbito internacional, europeo, estatal e autonómico e das achegas realizadas polo persoal do concello en canto ao resultado da implementación do I Plan, co fin de coñecer o grao de cumprimento das actuacións establecidas neste e as propostas de mellora e as recomendacións para a elaboración do II Plan.

A continuación, elaborouse unha enquisa dirixida ao persoal do Concello e aos axentes implicado no desenvolvemento do Plan, para avaliar o estado da igualdade en cada un dos departamentos e coñecer as necesidades e problemas detectados en materia de igualdade no ámbito das súas competencias. Ademais, solicitóuselles información desagregada por sexo das actuacións realizadas por cada departamento e da situación das mulleres e homes de Pazos de Borbén no ámbito

das súas competencias e propostas de actuación que consideraban que eran prioritarias incluír no novo Plan.

Para rematar, partindo da información recompilada, procedeuse a elaboración dunha diagnose da situación da igualdade no concello que serviu de referencia para a delimitación das futuras áreas de traballo en materia de igualdade e as propostas de actuación a desenvolver.

O obxectivo deste documento é dar a coñecer e compartir, cos diferentes axentes implicados na igualdade do Concello de Pazos de Borbén, as principais conclusións da diagnose de xénero e as propostas a incluír no novo Plan, co fin de que se formulen as achegas e suxestións que consideren necesarias para a mellora da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no seu Concello.

3. Principais conclusións da diagnose de xénero

Na diagnose recóllense as desigualdades debidas ao xénero visibles a partir da análise cuantitativa e cualitativa desde a perspectiva de xénero dos datos aportados polas diferentes departamentos municipais e fontes de información secundaria.

A continuación preséntanse as conclusións máis relevantes da diagnose, que estará dispoñible integramente no II plan de igualdade.

Os resultados da diagnose en materia de igualdade do concello de Pazos de Borbén, amosa unha realidade que dista de ser igualitaria no que se refire principalmente ao emprego.

Así pois, as taxas de escolaridade son similares para un e outro sexo con independencia da etapa educativa que se tome como referencia ao igual que a profesión de mestre segue a estar feminizada cunha elevada representación de mulleres docentes.

A outra realidade é a do emprego, onde a taxa de emprego é maior en homes que en mulleres ao contrario da taxa de desemprego que segue a ser maioritariamente feminina ao igual que a temporalidade dos contratos. Tamén sinalar que existe unha clara segregación ocupacional feminina que provoca que as mulleres sigan concentrándose en sectores e ocupacións asociadas tradicionalmente co traballo feminino, ao igual que a taxa de paro segue a ser maior en aqueles sectores con maior representación feminina, a industria e o sector servizos.

Esta situación a nivel laboral, é a que leva ás mulleres a facer uso en maior medida que os homes ao departamento de emprego do Concello para solicitar asesoramento tanto na procura de emprego como para a creación de novas empresas ao igual que son tamén maioría as usuarias dos servizos sociais.

A nivel da corporación municipal, existe un equilibrio nos representantes de cada partido político ao igual que o persoal do Concello é maioritariamente feminino.

Por outro lado o traballo diario dos diferentes departamentos do Concello a prol da igualdade, amosa unha realidade diversa en función dos distintos aspectos obxecto de consulta. Así pois, en primeiro lugar cabe indicar que a hora de programar as actuacións dos diferentes departamentos do Concello, téñense en conta as necesidades de mulleres e homes, se ben algo menos da metade das persoas que traballan nos diferentes departamentos consideran que levan a cabo accións específicas dirixidas a fomentar a igualdade, mesma porcentaxe que di o contrario. Esta diversidade de opinións refléxase na avaliación do impacto das actuacións levadas a cabo na redución das desigualdades entre mulleres e homes que é unha actuación que practicamente non se leva a cabo no concello.

Aínda que o traballo en igualdade e a realización de Plans de Igualdade é considerado como algo fundamental para o desenvolvemento do Concello ao igual que a formación nesta materia, os departamentos non contan con orzamento específico para traballar accións relativas á igualdade e non recollen información desagregada por sexo das actividades ou actuacións levadas a cabo. No obstante, na documentación elaborada nos diferentes departamentos se emprega unha linguaxe non sexista. Finalmente indicar que a falta de coordinación entre o departamento responsable de igualdade e os distintos departamentos municipais é unha materia pendente ao igual que é preciso a nivel social unha maior concienciación e formación en materia de igualdade.

4. Áreas de intervención, obxectivos e actuación propostas

Como resultado da diagnose de xénero, configuráronse as seguintes áreas de intervención, sobre as que se planifican as medidas concretas de actuación a incluír no II Plan de Igualdade.

Área de intervención 1: Transversal de xénero.

Área de intervención 2: Educación, cultura e deporte.

Área de intervención 3: Prevención e eliminación da violencia de xénero.

Área de intervención 4: Formación, emprego e conciliación.

Área de intervención 5: Saúde e benestar social.

Área de intervención 6: Participación social.

Área de intervención 1: Transversal de xénero.

Obxectivo

- Promover a incorporación da perspectiva de xénero de forma transversal nas actuacións que se levan a cabo dende o Concello.

Obxectivos específicos

- Difundir os obxectivos, actuación e avaliación do o II Plan de Igualdade entre todo o persoal municipal, departamentos municipais, organismos implicados, entidades sociais, empresariais e cidadanía en xeral.
- Impulsar a incorporación da perspectiva de xénero nas políticas locais e nos procedementos de traballo do persoal da administración.

Actuacións propostas:

- Realizar un seguimento e avaliación continua da aplicación do Plan.
- Crear un espazo específico de igualdade dentro da web do Concello ou a través das redes sociais.
- Promover accións formativas dirixidas ao persoal técnico e xeral da administración na aplicación da perspectiva de xénero no seu posto de traballo.
- Potenciar a utilización dunha linguaxe inclusiva, non sexista e igualitaria.
- Introducir como normal habitual a desagregación de datos por sexo en todas os procedementos de traballos (informes, memorias, actividades...) levados a cabo no Concello.

Área de intervención 2: Educación, cultura e deporte.

Obxectivo

- Fomentar a educación en igualdade no ámbito educativo, cultural e deportivo para potenciar o desenvolvemento integral das persoas, eliminando as discriminacións en función do sexo.

Obxectivos específicos

- Potenciar a coeducación para a eliminación dos estereotipos sexistas.
- Facer visible as achegas das mulleres nas diferentes manifestacións culturais, artísticas e deportivas.

Actuacións propostas

- Realizar actividades e accións formativas para fomentar a igualdade de xénero atendendo tamén a outras variables que produzan discriminacións,

como a raza, a etnia, nacionalidade, diversidade funcional, clase social e diversidade sexual.

- Desenvolver talleres de coeducación e de educación afectivo-sexual nos colexios.
- Establecer unha coordinación eficaz cos centros educativos e ANPAS para potenciar a súa participación e introducir a igualdade de xeito transversal.
- Campañas de sensibilización e formación en igualdade dirixidas as ANPAS e as familias.
- Organizar actividades culturais e artísticas dirixidas a promover a produción artística das mulleres e a igualdade.
- Dar continuidade á realización actividades o día 8 de marzo, Día Internacional da Muller.
- Realización de charlas formativas dirixidas a nais e pais sobre un uso seguro das redes sociais.
- Organizar un espazo especializado de “educación en igualdade e de diversidade” na Biblioteca Municipal, co fin de potenciar o uso de materiais e recursos coeducativos.
- Realizar campañas de sensibilización escolares para a elección non estereotipada de deportes.
- Promover a participación equilibrada de mulleres e homes no deporte, potenciando o deporte feminino.

Área de intervención 3: Prevención e eliminación da violencia de xénero.

Obxectivo

- Previr a aparición e avanzar cara a eliminación da violencia de xénero en tódalas súas modalidades e manifestacións e todo tipo de discriminacións.

Obxectivos específicos

- Mellorar a concienciación da poboación en xeral sobre as violencias machistas e as súas consecuencias.
- Garantir a atención e asistencia integral das mulleres vítimas de violencia de xénero.

- Mellorara a capacitación profesional na loita contra as desigualdades e a violencia de xénero.

Actuacións propostas:

- Continuar informando ás mulleres vítimas de violencia de xénero sobre os servizos do Concello e os recursos externos.
- Realizar accións de prevención de agresións sexuais nas festas locais que se realicen en todo o municipio.
- Continuar co programa de sensibilización, información e difusión da igualdade e prevención de violencia contra as mulleres: “Campaña a Igualdade está aquí”
- Potenciar accións formativas e campañas de sensibilización sobre violencia de xénero, e todas as súas manifestación, dirixidas a toda a cidadanía.
- Continuar co programa de promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero: “Namórate de ti”
- Continuar realizando actividades polo día 25 de novembro, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres, en coordinación cos demais axentes implicados.

Área de intervención 4: Formación, emprego e conciliación.

Obxectivo

- Favorecer o acceso, permanencia e desenvolvemento profesional das mulleres no mercado laboral en igualdade de condicións, incidindo na súa formación e favorecendo a conciliación e a corresponsabilidade.

Obxectivos específicos

- Mellorar a empregabilidade das mulleres, con especial atención ás máis vulnerables e as que son vítimas de violencia de xénero.
- Facilitar a capacitación en novas profesións, distintas ás ocupadas tradicionalmente por mulleres e homes.
- Sensibilizar e concienciar á poboación sobre o reparto de responsabilidades no fogar animando a participar aos homes.

Actuacións propostas:

- Realizar obradoiros de orientación e inserción laboral e técnicas de busca de emprego para favorecer a inserción laboral ou mellorar as condicións de traballo.

- Impulsar a participación das mulleres no tecido empresarial do municipio, ofrecendo información e incentivos para a creación de empresas.
- Continuar coa formación e o acceso das mulleres do municipio ás novas tecnoloxías, coa posta en marcha de módulos formativos que vaian desde os niveis máis básicos aos mais avanzados.
- Organización de campañas de sensibilización dirixidas o sector empresarial para facilitar a conciliación da vida laboral e familiar.
- Continuar coa posta en marcha de servizos destinados ás persoas dependentes, incidindo nas necesidades das nenas e nenos así como das persoas maiores.
- Promover a capacitación dos homes nas tarefas domésticas e de coidados a través de cursos, actividades e obradoiros de corresponsabilidade.
- Realizar actividades de sensibilización e formación en novas masculinidades para homes.
- Apoiar e promocionar aquelas iniciativas municipais que faciliten a conciliación da vida persoal, laboral e familiar.
- Realizar campañas de información sobre a necesidade dunha repartición equilibrada e non sexista das responsabilidades familiares entre mulleres e homes.

Área de intervención 5: Saúde e benestar social.

Obxectivo

- Mellorar a calidade de vida das mulleres e favorecer o seu benestar social.

Obxectivos específicos

- Impulsar a actividade de fomento de hábitos de vida saudables e de autocoidado.

Actuacións propostas:

- Desenvolver obradoiros de educación para a saúde e afectivo-sexuais para a cidadanía en xeral.
- Realización de charlas sobre saúde que permitan mellorar a calidade de vida e o autocoidado das mulleres.
- Elaborar material informativos sobre hábitos de vidas saudable na muller.

- Desenvolver talleres de autoestima e crecemento persoal para as mulleres.
- Elaborar e difundir materiais divulgativos sobre a saúde das mulleres, tendo en conta a perspectiva de xénero no seu deseño.

Área de intervención 6: Participación social e asociacionismo.

Obxectivo

- Potenciar a participación plena das mulleres en tódolos ámbitos de desenvolvemento da vida sociocomunitaria, potenciando o empoderamento individual e colectivo.

Obxectivos específicos

- Impulsar o asociacionismo das mulleres para a creación e a promoción de novas asociacións rurais con enfoque de xénero.
- Fomentar a presenza equilibrada de mulleres e homes nos órganos de participación e toma de decisión das entidades municipais.

Actuacións propostas:

- Continuar co apoio e asesoramento ás asociacións de mulleres, tanto no relativo a súa creación como a súa consolidación, coa información continua sobre a tramitación de axudas e subvencións.
- Sensibilizar e potenciar a participación equilibrada de mulleres e homes nas entidades públicas do municipio.
- Introducir unha cláusula de fomento da igualdade nas subvencións a asociacións e entidades sen ánimo de lucro.
- Seguir favorecendo a existencia de locais municipais, e facilitando o seu uso, para que as asociacións de mulleres poidan levar a cabo reunións e realización de actividades.

6. Seguimento e avaliación

O sistema de seguimento e avaliación deste II Plan de preséntase como un mecanismo que permite comprobar o grao de consecución dos obxectivos propostos mediante unha serie de indicadores: por un lado, cuantitativos, referidos ao número de persoas beneficiarias, o grao de satisfacción, a eficacia das accións, a súa calidade e utilidade con respecto aos obxectivos globais do plan e os específicos de cada acción; e por outro, cualitativos, cuxo obxectivo é recoller información acerca da opinión e puntos de vista das persoas implicadas na posta en marcha e desenvolvemento do Plan.

Como ferramentas de traballo para facilitar o sistema de avaliación do plan, elaborárase unha **ficha de seguimento e avaliación** das actuacións que deberán cubrir as persoas responsables da implantación do Plan.